



*Paraiso
entre
Ríos*

“O teu Concello infórmate”



*Gracias
pola vosa
confianza*

César Longo Queijo
ALCALDE DE PADERNE

O domingo 22 de maio, a candidatura presentada polo Equipo que represento, ampliou a maioría absoluta gracias á suma do esforzo de todos, que premiastes a xestión realizada nestes pasados catro anos co voso apoio a un traballo dedicado a velar polo benestar de tódalas persoas de Paderne.

Este resultado electoral, representa unha gran responsabilidade. Son moitas as persoas que depositaron a súa confianza para que novamente poida dirixir a un goberno que, de seguro, vai a traballar con ilusión e esforzo por acadar os obxectivos marcados continuando unha importante labor que seguirei realizando, tendo presente o respaldo recibido.

Manifestarvos, de todo corazón, a miña gratitude así como a ilusión posta nos proxectos futuros, as ansias e ilusión das persoas que agora se incorporan e a añoranza pola contribución daqueles que tamén nos deixan.

Traballaremos en positivo e duramente para sumar, entre todos, novas razóns para facer do noso Concello un paraíso entre ríos.

Entrevista co Ministro de Fomento

Nunha reunión mantida o pasado día 2 de maio co Ministro de Fomento, José Blanco, o Alcalde de Paderne, o socialista César Longo, tivo a oportunidade de expoñerlle claramente os problemas que o saneamento na parroquia de Souto está tendo ó seu paso pola estrada N-VI.

O Ministro, comprometeuse a axilizar a tramitación dos permisos necesarios por parte do Organismo Autónomo Augas de Galicia e así concluír esta obra tan necesaria para os veciños desta parroquia de Paderne.



O Alcalde na súa entrevista co Ministro de Fomento

Día das Letras Galegas



A praza do Campo da Escola échese de público para celebrar esta data

A festividade das Letras Galegas, do pasado 17 de maio, celebrouse no Concello de Paderne con un acto cultural na praza do Campo da Escola en Insua.

Con palabras de lembranza a Lois Pereiro, o Alcalde fixo especial mención á creación desta data recordando, ós alí presentes, o sentido que quixo darse á cultura de Galicia coa súa conmemoración. De seguido realizou a presentación do libro «*Paderne, unha mirada ó pasado*» escrito cos records das persoas do Concello que, ese día, ocupaban un lugar destacado na praza. Foron moitos os exemplares que se repartiron sendo un orgullo para todos eles figurar nestas páxinas e contribuír así á herdanza cultural de Paderne.

Completoouse a xornada coa actuación da Escola de Gaitas San Pantaleón e as cancións da coral Alcoa-Inespal.

Inauguración do local de Vilamourel

O domingo 29 de maio o Alcalde inaugurou un novo Local Social na parroquia de Vilamourel acompañado polo Presidente da Deputación de A Coruña.

Esta infraestrutura, financiada polo Organismo provincial, conta con instalacións de servizos múltiples das que todos poderán disfrutar. Pensado para facilitar as relacións entre os veciños e impulsar a vida social do Concello supón un orgullo para toda a parroquia.

Neste día tan importante, o Alcalde recibiu o apoio das persoas de Vilamourel que acudiron a visitar estas novas dependencias mostrando a súa satisfacción de contar xa con un lugar para as relacións e a vida social da parroquia.



O Alcalde e o Presidenta da Deputación no momento de descubrir a placa conmemorativa



Compostaxe en Paderne

Dentro do programa de Compostaxe Doméstica que está a levar a cabo o Concello de Paderne a través da Asociación de Desenvolvemento Rural «Mariñas – Betanzos», realizouse unha visita dos técnicos polas casas participantes co fin de avaliar o proceso de compostaxe que están a levar a cabo á vez que resolvían as dúbidas que os veciños plantexaban. Deste xeito, puideron comprobar o alto grao de implicación no proxecto e cuantificar a eficiencia da compostaxe na redución dos aportes da fracción de materia orgánica ao sistema de recollida e tratamento industrial do lixo en vivendas.

Supervisión do proceso de compostaxe

Clausura de actividades de adultos

O venres **17 de xuño ás 20:30 h.**, ten lugar a clausura das actividades que se impartiron en Paderne ó longo deste curso para tódolos veciños maiores de dezaioito anos empadroados no Concello.

Podendo elixir entre actividades tales como manualidades, pintura, cestería, inglés, informática, memoria, aerobio, pilates, bailes de salón e ximnasia de mantemento, os locais de tódalas parroquias estiveron ocupados durante estes meses.

Este acto de clausura, presidido polo Alcalde, contará coa presenza dos monitores que impartiron as distintas actividades e das persoas participantes nas mesmas; as actuacións dalgúns dos grupos que formaron parte deste curso así como da Coral e Grupo Instrumental de Culleredo completarán o programa de esta xornada.

Remate do curso nas escolas de Educación Infantil e Preescolar na casa

Neste mes de xuño remata o curso, tanto nas Escolas de Educación Infantil como para os pequeniños de «Preescolar na Casa» no Concello de Paderne.

Como despedida, o Concello proporciónalles o desprazamento para que poidan realizar unha excursión ó Parque Acuático de Cerceda e así disfrutar dunha xornada festiva distinta ó que habitualmente realizan.

O **2 de xuño** realízase para os grupos de «Preescolar na Casa» e o **día 22** para os nenos das Escolas de Educación Infantil.

Nova tempada da piscina municipal

O vindeiro día 1 de xullo e ata o 31 de agosto estará en funcionamento a tempada de verán na Piscina Municipal de Paderne co horario de 12:00 a 20:00 horas.

As persoas que desexen facer uso destas instalacións teñen a posibilidade de:

- Realizar un **abono familiar** (só para empadroados no Concello de Paderne). Utilizando esta opción poden usar as instalacións tódalas persoas que figuren na mesma vivenda no padrón municipal durante toda a tempada.
- Realizar un **abono individual**. Dá dereiro o uso das instalacións durante toda a tempada para o titular do abono.
- Aboar entrada diaria (**entrada infantil - entrada adultos**)

Os titulares de abono teñen dereito a asistir ós cursos de natación.

Programa de vacacións do IMSERSO

O Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, a través do IMSERSO, quere contribuír ó benestar das persoas maiores organizando distintos tipos de viaxes para as persoas maiores de 65 anos ou pensionistas dándolles a opción de disfrutar de estadias de calidade en distintos puntos.

As modalidades que poden solicitar son as seguintes:

- Estadias en zonas costeiras
- Circuitos culturais
- Turismo de Natureza
- Intercambio con outros países

As persoas interesadas en recibir máis información sobre este Programa pode dirixirse á oficina de servizos sociais do Concello de Paderne; o prazo para presentar a solicitude remata o vindeiro 28 de xuño.

FEIRA de Paderne

Sábado 2 de xullo de 2011

- 12:00 h.- Apertura da Feira
- 12:30 h.- Recepción das autoridades na Casa do Concello
- 13:00 h.- Inauguración oficial da Feira
Actuación do "Grupo Instrumental Municipal de Culleredo"
- 17:00 h.- **Concurso de cans** con entrega de trofeos e premios en metálico.
Os que desexen inscribir exemplares no concurso poden facelo ata media hora antes segundo as bases.
- 17:15 h.- **Demostración do funcionamento da Thermomix** coa elaboración de receitas
- 17:30 h.- **Tala de esculturas en madeira con motoserra** a cargo de *Francisco Escudero*
- 17:30 h.- **Realización de actividades lúdicas cos nenos** a cargo da empresa de animación *Cempés*
- 17:45 h.- **Obradoiro de manualidades de Paderne** dirixido por *Nieves Castro*
- 18:00 h.- **Obradoiro de mel** no stand de *José Manuel Souto Becerra*
- 18:15 h.- **Obradoiro de cestería de Vigo** dirixido por *Isabel Orgeira*
- 19:00 h.- Actuación de "AS CANTAREIRAS DE ARDEBULLO"
- 20:00 h.- **Demostración de maquinaria de xardinería** a cargo de *Zona Verde*
- 20:30 h.- **Obradoiro de manualidades de Souto** dirixido por *Nieves Castro*
- 21:00 h.- Degustación de empanada, doce, queixo, viño e queimada de Paderne
- 22:00 h.- Peche do recinto feiral

Domingo 3 de xullo de 2011

- 11:00 h.- Apertura da Feira
- 12:00 h.- **VIII Xuntanza Moteira Volta Terra das Mariñas** 
- 12:30 h.- **Obradoiro de marroquinería** no stand de *Elena Ferro*
- 13:00 h.- **Demostración do funcionamento da Thermomix** coa elaboración de receitas
- 13:30 h.- **Cata comentada de viños da Terra de Betanzos**
- 17:00 h.- **Obradoiro de cestería de Souto** dirixido por *Isabel Orgeira*
- 17:15 h.- **Trasquilado de ovellas** na carpa do gando
- 17:30 h.- **Tala de esculturas en madeira con motoserra** a cargo de *Francisco Escudero*
- 17:45 h.- **Realización de talleres para nenos** a cargo da empresa de animación *Cempés*
- 18:00 h.- **Exhibición ecuestre** a cargo da "Finca Regueiral"
- 19:00 h.- **Demostración de encaixe de bolillos** no stand da AVV de Viñas
- 19:30 h.- **Exhibición de Tiro con Arco** na modalidade de Arco Tradicional Recurvo Feminino a cargo de *Isabel M^a Cerviño Cotelo*, subcampiona galega en esta modalidade
- 20:00 h.- **Demostración de motobomba flotante** a cargo de *Comercial Jonabe*
- 21:00 h.- **Degustación de terneira de Paderne**
- 22:00 h.- Clausura
Actuación do grupo "O Castro" de Miño

O longo dos dous días de Feira realizaranse sorteos de regalos doados polos expositores

Durante a xornada do domingo vamos a contar cunha exhibición de coches antigos.

Animación de rúa durante os dous días a cargo de *Caramuxo Teatro*

Os máis pequeniños poderán disfrutar dunha sección dedicada a eles con diversas atraccións infantís

www.feiradepaderne.org